

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE ABRIL DE 2008.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Edgar Antonio Vigo López.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e cinco minutos do día tres de abril de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora accidental D^a Milagros López Álvarez, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora accidental:

D^a Milagros López Álvarez
.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTA REALIZADAS EN DATAS 11 E 29 DE FEBREIRO DE 2008.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinaria e extraordinaria urxente celebradas en datas 11 e 29 de Febreiro de 2008, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinaria e extraordinaria urxente celebradas en datas 11 e 29 de febreiro de 2008 respectivamente.

2º.- RATIFICACIÓN DE ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2008 DE ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE USO EFECTUADA POLO CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVO DA VILA DE PERLIO.-

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que o que ven a pleno neste punto é a ratificación e a aceptación dese acordo asinado co Círculo de Perlio no seu momento para a cesión de uso durante vinte e cinco anos do campo de fútbol de Os Pinares, algo que se debaterá no punto de mocións urxentes, que é o proxecto do campo de fútbol de herba artificial, nesa mesma instalación. Di que o ditame da comisión informativa é favorable, polo tanto o que procede aquí é votar ese ditame da comisión informativa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que neste punto eles se reservaron para o pleno aínda que despois no tema da aprobación do proxecto dixeron que si se salvaban as deficiencias técnicas que se facían constar polo técnico municipal que non terían inconveniente en votar a favor, simplemente xustificar agora no pleno que o seu voto vai ser a favor pese a que non é unha dotación das que consideren das fundamentais, pero si cren que a oportunidade pode ser boa, porque non supón unha inversión excesiva para o Concello porque parten duns terreos que son cedidos en uso polo que non hai que facer un investimento importante para adquirir terreos, e ao mesmo tempo cren que as porcentaxes de inversión de Deputación e Concello entra dentro dos términos razoables, e como se reservaron para o pleno quere manifestar que o seu voto será favorable

Seguidamente, dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de marzo de 2008 que transcrito di o seguinte:

“3º.- RATIFICACIÓN DE ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2008 DE ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE USO EFECTUADA POLO CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVO DA VILA DE PERLIO.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 26 de marzo de 2008 que, transcrita dí:

“PROPOSTA

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 30 de xaneiro de 2008 que, transcrito di:

“2º.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE USO EFECTUADA POLO CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVO DA VILA DE PERLIO.

Vista a proposta da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2008 que, transcrita literalmente di:

“ PROPOSTA

Visto o escrito presentado por Dona Mª del Pilar Fornos Corral, actuando en nome e representación, como Presidenta ,do Círculo Cultural, Recreativo e Deportivo da vila de Perlio, de data 30 de xaneiro de 2008 (entrada 30.01.08, núm. rexistro 1050) que, transcrito dí:

“DONA Mª DEL PILAR FORNOS CORRAL, con D.N.I. número 76.399.434-N e con domicilio a efectos de notificación na rúa do Cruceiro 5-3º-Perlio 15500-Fene, actuando en nome e

representación, como Presidenta, do Círculo Cultural Recreativo y Deportivo de la villa de Perlio (en adiante CCRD Perlio) °

EXPÓN

I.- Que o CCRD Perlio é propietario dun campo de fútbol de referencia catastral 002300100NJ61D0001EB , así como da parcela de referencia catastral 15036A015005830000YK dunha superficie total catastrada de 21.906 m2 de solo sobre a que se atopa o referido campo de fútbol e servicios anexos e unhas construcións destinadas a vestiarios.

II.- Que a Asamblea Xeral Ordinaria do CCRD Perlio celebrada en data 27 de xaneiro de 2008 acordou por unanimidade ceder ao Concello de Fene gratuitamente por un período de vinte e cinco anos o uso dunha porción da parcela de referencia catastral 15036A015005830000YK dunha superficie de 17.929 m2 (superficie segundo escrituras de datas 10 maio de 1969 outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 517), 12 de xullo de 1969 outorgada en Pontedeume(núm. protocolo 717), 1 de agosto de 1970 outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 801), 28 de xullo de 1972 outorgada en Pontedeume(núm. protocolo 828), 20 de agosto de 1969 outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 893), 28 de agosto de 1969 outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 940), 15 de setembro de 1970 outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 991), 15 de outubro de 1969, outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 1120), 20 de novembro de 1969 , outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 1271), 30 de decembro de 1971 outorgada en Pontedeume (núm. protocolo 1542)) na que se atopa o campo de fútbol e servizos anexos(gradas, bar e servicios) e vestiarios. A superficie cedida linda polo Norte: Río Magalofes, polo Sur: camiño que une o dos Carballás có de Mundín, polo Leste : resto da parcela catastral 15036A015005830000YK propiedade do CCRD Perlio; e Oeste: parcelas de referencia catastral 15036A015005420000YP e 15036A015000600000YY, coas seguintes condicións:

1º.- Todos os gastos que se deriven da formalización da cesión serán por conta do Concello de Fene.

2º.- A duración da cesión será de 25 anos a contar desde a sinatura do documento público de cesión.

3º.-Os gastos de mantemento e conservación correrán por conta do Concello de Fene durante o prazo de cesión.

4º.- No momento no que o Concello devolva as instalacións ao CCRD de Perlio, farán nas debidas condicións de uso para a correcta práctica do fútbol.

5º.- Será causa de resolución da cesión o mutuo acordo das partes así como a denuncia do incumprimento de calquera das condicións mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

6º.- Rematado o período de vixencia da cesión a instancia do Concello de Fene o de CCRD de Perlio poderánse iniciar novas negociacións de cara a consensuar unha nova cesión ou prórroga.

Polo exposto xunto remito certificación expedida polo Secretario da Xunta Directiva do CCRD Perlio relativo ao acordo anteriormente citado adoptado en data 27 de xaneiro de 2008 e solicito se acepte a cesión expresada no exponendo II do presente.”

Vista a copia simple da escritura de agrupación e obra nova outorgada por D^a Pilar Fornos Corral, en nome e representación da Asociación “ Sociedad Circulo Cultural, Recreativo y Deportivo de Perlio” en Fene ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, Don Jesús Santamaría Abadía en data 30 de xaneiro de 2008 (número de protocolo 152).

Visto o informe emitido polo Arquitecto técnico municipal, de data 30 de xaneiro de 2008

Visto o disposto no artigo 21.1 p) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo o cal :

“1. El Alcalde es el Presidente de la Corporación y ostenta, en todo caso, las siguientes atribuciones:

(..../....)

p) La adquisición de bienes y derechos cuando su valor no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del Presupuesto ni los 3.000.000 de euros.....”

Visto que por Resolución da Alcaldía núm.664/2007, de data 9 de xullo de 2007 acordóuse delegar na xunta de goberno local, entre outras, a atribución de adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere os 12.000 euros e non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin os tres millóns de euros.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita do uso que ao Concello fai a Sociedade Círculo Cultural , Recreativo e Deportivo de Perlio dunha porción da parcela de referencia catastral 15036A015005830000YK dunha superficie de 17.929 m descrita no exponendo II do escrito presentado por D^a M^a Pilar Fornos Corral en calidade de presidenta de dita Asociación, transcrito Nos antecedentes do presente e na que se atopa o campo de fútbol e servizos anexos(gradas, bar e servizos) e vestiarios para destina-la ao uso público de campo de fútbol e servizos anexos, coas seguintes condicións:

1º.- Todos os gastos que se deriven da formalización da cesión serán por conta do Concello de Fene.

2º.- A duración da cesión será de 25 anos a contar desde a sinatura do documento público de cesión.

3º.-Os gastos de mantemento e conservación correrán por conta do Concello de Fene durante o prazo de cesión.

O compromiso de mantemento das instalacións queda supeditado á recepción das mesmas en bo estado para o uso previsto, a cuxos efectos realizaráse acta de recepción á que asistirán o Sr. Alcalde-Presidente, o/a representante da sociedade cedente e un técnico municipal.

4º.- No momento no que o Concello devolva as instalacións ao CCRD de Perlio, faráo nas debidas condicións de uso para a correcta práctica do futbol.

5º.- Será causa de resolución da cesión o mutuo acordo entre as partes así como a deixación das obrigas de mantemento daquelas instalacións que se atopen en perfecto estado de uso no momento de realizarse a recepción das mesmas.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que en nome e representación do Concello formalice en escritura pública a cesión de uso e proceda á inscrición no rexistro da propiedade.”

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos Sres Concelleiros asistentes á sesión aprobar a proposta da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

Visto que pola Deputación Provincial da Coruña, en relación á solicitude formulada por este Concello relativa á participación na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 para a instalación de herba artificial no campo de fútbol "Os Pinares", solicita, entre outra documentación a ratificación polo Pleno municipal da aceptación da cesión gratuita dos terreos.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 30 de xaneiro de 2008 transcrito anteriormente na parte expositiva do presente."

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión informativa de organización e seguridade, con oito (8) votos a favor (dos Sres/as Sr. Noceda Carballo, Rodríguez Carballeira, Silvar Canoso, García Balado, Pico Sanmartín, Roca Requeijo, Vigo López e Sánchez Martínez) e unha (1) abstención (da Sra. Bértoa Ponte) acorda dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 26 de marzo de 2006 que devén en dictáme nos termos anteriormente transcritos."

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de Marzo de 2008, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de marzo de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2007.-

Seguidamente dáse conta da Resolución da Alcaldía número 199/2008 de data 26 de Marzo de 2008 que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 199/2008

Examinada a liquidación do orzamento municipal de 2007, formada polo departamento de Intervención Municipal de acordo có previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL), Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, Instrucción do modelo normal de contabilidade Local e a Bases de Execución aprobadas.

Visto o informe da intervención municipal num. 106/2008, de 7 de marzo, que transcrito literalmente dí:

“INFORME DE INTERVENCIÓN NUM. 106/2008

Asunto: Informe previo a aprobación da liquidación por parte da Alcaldía.

D. Agueda Bello Valdés, interventora do Concello de Fene, ao abeiro do establecido no artigo 191.3, segundo parágrafo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais (TRLFL) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e 90.1 do R.D.500/1990, de 20 de abril, emítense o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO.- A liquidación do orzamento municipal de 2007 do Concello de Fene levouse a cabo ao abeiro do establecido no art. 191 TRLFL, Sección 3ª do R.D. 500/1990 e Capítulo IV do Título II da Instrucción do modelo normal de contabilidade Local.

Ao abeiro do art. 93 do devandito Real Decreto presentase o seguinte resumo da liquidación:

A.- RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DR netos	OR netas	Axustes	Resultado
a.- Operacións cttes.	8.990.805,49	7.264.195,65		
b.- Operacións ctets. Non financeiras	525.782,20	1.296.012,52		
1.- total operacións non financeiras (a+b)	9.516.587,69	8.560.208,17		
2.- Activos financeiros	35.692,64	35.692,64		
3.- Pasivos financeiros	320.695,97	295.782,72		
Resultado orzamentario do exercicio	9.872.976,30	8.891.629,53		981.346,77
Axustes				
4.- Créditos gastados financiados con rmte. tesourería para gastos xerais			0,00	
5.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			155.556,29	
6.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			185.863,49	-30.307,20
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				951.039,57

RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO

O Resultado Presupostario representa, en termos netos, a comparación dos ingresos e gastos habidos no exercicio (non importan nin os cobros nin os pagos). Sen embargo dito resultado vese influenciado por desviacións de financiación nos gastos con financiación afectada e por gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería que o desvirtúan, polo que é necesario proceder a axustar.

O Resultado Presupostario resulta un indicador da execución unicamente do exercicio que se liquida. Así pon de manifesto se se presupostou correctamente e si se executou o presuposto de acordo coas previsións. Analizando os datos da liquidación por capítulos ou de forma máis detallada por partidas en gastos e por conceptos en ingresos pódese comprobar o nivel de execución.

B.- ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERÍA

REMANENTE DE TESOURERÍA

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1.- Fondos liquidos tesoureria		959.432,54
2.- Dereitos pendentes de cobro		1.196.452,64
(+) orzamento corrente	1.606.288,89	
(+) orzamentos pechados	323.510,82	
(+) operacións non orzamentarias	27.114,72	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	760.461,79	
3.- Obrigas pendentes de pagamento		1.295.979,21
(+) orzamento corrente	1.101.720,32	

(+) orzamentos pechados	113.998,21	
(+) operacións non orzamentarias	89.749,81	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	9.489,13	
I.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3)		859.905,97
II.- Saldos dubidoso cobro		
III.- Exceso de financiamento afectado		185.863,49
IV.- Remanente de Tesourería para gastos xerais		674.042,48

REMANENTE DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE PARA GASTOS XERAIS

O remanente de Tesourería Dispoñible para Gastos Xerais a 31 de decembro representa os recursos con que contaría o Concello a esa data si, ademais dos fondos líquidos con que conta na Tesourería, fixera efectivos todos os seus dereitos pendentes de cobro posibles e pagará todas as súas obrigacións contraídas pendente de pago.

Este Remanente de Tesourería Disponible para Gastos Xerais, representa aqueles verdadeiros recursos dos que se vai a poder dispoñer a Corporación para financiar modificacións de crédito no próximo exercicio.

Calculando ata aquí o Remanente de Tesourería polo procedemento previsto na Instrucción de Contabilidade, non podemos olvidar que nel non se incluíron unha serie de gastos ben por non ter consignación presupuestaria, ben por non chegar os xustificantes cando o exercicio xa se houbese cerrado. Estes gastos non imputados o Presuposto anterior agora inclúense nas relacións de obrigas pendentes de aprobación a 31 de decembro por un total de 824.993,80, polo que o Remanente de Tesourería houbera diminuído nesa cantidade e resultaría un importe de en negativo de 150951,32 euros.

SEGUNDO.- De acordo cos apartados 4 e 5 do artigo 193 TRLHL da Liquidación debe darse conta ao Concello Pleno Pleno na primeira sesión que celebre así como tamén debe ser remitida copia da mesma á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Ao abeiro do disposto nos art. 191.3 e 193.4 do TRLFL e art. 90 do R.R., 500/1990.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aproba-la liquidación do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio do 2007, cuxo RESULTADO PRESUPUESTARIO é o seguinte:

CONCEPTOS	DR netos	OR netas	Axustes	Resultado
a.- Operacións cttes.	8.990.805,49	7.264.195,65		
b.- Operacións ctets. Non financeiras	525.782,20	1.296.012,52		
1.- total operacións non financeiras (a+b)	9.516.587,69	8.560.208,17		
2.- Activos financeiros	35.692,64	35.692,64		
3.- Pasivos financeiros	320.695,97	295.782,72		
Resultado orzamentario do exercicio	9.872.976,30	8.891.629,53		981.346,77
Axustes				
4.- Créditos gastados financiados con rmte tesourería para gastos xerais			0,00	
5.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			155.556,29	
6.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			185.863,49	-30.307,20
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				951.039,57

SEGUNDO.- Aprobar, asimismo, o REMANENTE DE TESOURERÍA A 31 de decembro de 2007, según o seguinte detalle:

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1.- Fondos liquidados tesoureria		959.432,54
2.- Dereitos pendentes de cobro		1.196.452,64
(+) orzamento corrente	1.606.288,89	
(+) orzamentos pechados	323.510,82	
(+) operacións non orzamentarias	27.114,72	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	760.461,79	
3.- Obrigas pendentes de pagamento		1.295.979,21
(+) orzamento corrente	1.101.720,32	
(+) orzamentos pechados	113.998,21	
(+) operacións non orzamentarias	89.749,81	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	9.489,13	
I.- REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)		859.905,97
II.- Saldos dubidoso cobro		0,00
III.- Exceso de financiamento afectado		185.863,49
IV.- Remanente de Tesourería para gastos xerais		674.042,48

TERCEIRO.- Determinar os REMANENTES DE CRÉDITO INCORPORABLES respecto aos recollidos no apartado 3 do artigo 182.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 :

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE	FASE
432.60000	Investimento en terreos POS 2006	89156,56	A
432.60109	Modificado de actuación Medioambiental do P. Castelao	19956,42	D
441.60109	Estación bombeo Regueiro (Paseo M. San Valentín)	21000,00	RC
443.60109	Obras aparcadoiro Cemiterio Limodre	23940,97	D
511.60100	Plan limpeza cunetas, 1de 3 e pav./asf. Cños	27240,70	RC
511.60100	Pav e asfaltado camiño Castiñeiro-Maniños	41681,82	RC
432.67.61109	POS 2006: Reurbanización Avda Marqués de Figueroa	163915,00	D
432.77.61109	Mantemento e mellora parques infantís 2006	2905,94	D
511.70.60100	POS 2006: Pav. e Reurbanización de camiños	170800,00	D
432.71.62200	Ascensor Casa do Concello	63433,31	D
441.61.60102	Pil Adicional 1/2005: Almieiras e Cño Lourenzá	33598,43	A
452.73.61100	Px acondicionamento Pavillón O Ramo	138500,87	D
	Montaxe e difusión do sendeiro circular no Concello de Fene	28900,00	D
	Totais	825030,02	

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que celebre.”

4º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 141 do 4 de Marzo de 2008 e a número 205 de data 28 de Marzo de 2008.

5º.- MOCIÓNS URXENTES.-

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente maniféstase que desexa someter ao Pleno da Corporación, por razóns de urxencia o asunto relativo á ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de Xaneiro de 2008 relativo á participación na segunda fase do

Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, e aprobación do proxecto técnico de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de “Os Pinares” en Fene. A Coruña.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia ven motivada polos prazos que establece a Deputación Provincial para a remisión do proxecto e documentación do campo de fútbol de herba artificial, prazo que está superado e que mañá é o último día da prórroga que teñen da Deputación para presentar esta documentación, polo que ten que vir a este Pleno; di que o proxecto en cuestión pasou pola Comisión Informativa extraordinaria de Desenvolvemento Territorial do luns pasado e no informe do técnico municipal se sinalaban unha serie de deficiencias que tiña ese proxecto; que ese proxecto foi modificado e posto a disposición dos/as Concelleiros/as no día de onte, e que finalmente o informe técnico que tamén estaba a disposición xunto co proxecto, é favorable cunha serie de observacións; di que hai tamén unha nota informativa de Secretaría desfavorable que se adxunta a ese proxecto técnico. Continúa o Sr. Alcalde manifestando que a proposta que se trae ao pleno, visto o proxecto, visto o deliberado na comisión informativa e visto finalmente o informe do enxeñeiro municipal, é aprobar o proxecto coas salvidades que o técnico municipal sinala no seu informe referidas a cuestións estruturais do propio proxecto e a cuestións a ter en conta á hora de licitar o proxecto e de executar as propias obras. Di que hai algo que sinala a Secretaría municipal na súa nota informativa que si que vai ser subsanado, espera que a próxima semana o relativo á acta de recepción do terreo para que non quede ningún tipo de dúbida legal sobre a cesión, aínda que o acordo está aprobado pola Asemblea do Círculo de Perlio e polo propio Concello de Fene, pero que en todo caso, si que o convenio fai referencia a que se levantará un acta no momento que se ceda a titularidade do campo na que se detalle o estado do terreo de xogo; que os técnicos municipais visitaron o campo dos Pinares e teñen datos de cómo están exactamente todas as instalacións para que no momento no que proceda a súa devolución ao Círculo de Perlio se poida valorar en qué condicións se devolve ese campo de fútbol, polo que en todo caso o único que faltaría formalmente por asinar sería a acta de recepción e farase ao longo dos vindeiros días.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que eles na comisión xa falan de que efectivamente votarían a favor do proxecto se as deficiencias técnicas sinaladas polo enxeñeiro municipal, moitas delas ademais atribuíbles a cuestións de seguridade se subsanasen; que se ao final esas observacións que facía, parece que foron recollidas e o informe do técnico municipal é favorable, pero o que ven neste informe de Secretaría e que se fai constar que efectivamente antes de adoptar este acordo habería que pedir unha autorización á Xunta de Galicia, debendo tamén tramitarse o correspondente expediente de actividade clasificada; di que estas dúas cousas ao longo da tramitación se cumprimenten, e que o seu voto será favorable pero tendo en conta tanto as recomendacións do informe técnico como as que teñen agora por parte de Secretaría. Remata a súa intervención dicindo que por outra banda tamén quere que se lles informe por qué motivo se fai un proxecto privado, porque entenden que hai tres técnicos municipais e que non se debería incidir nun maior gasto á hora de realizar estes proxectos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que van apoiar este proxecto, que entenden que en Fene teñan un campo de herba artificial vai igualar a nivel deportivo este Concello con moitos outros concellos do país e que o vai facer principalmente cós equipos de base pero tamén os equipos de modestos xoguen en igualdade de condicións en Fene que en outros Concellos que hoxe en día xa son moitos os que están tendo campo de herba artificial e tamén apostan en que se entenda iso como unha primeira parte dun proxecto que ten que ir máis alá e máis global e que tamén emende algunhas deficiencias que detectaban os técnicos municipais en canto a accesibilidade, situación das bancadas, o alumeadado; que nese contexto apoiarán este proxecto pero cren

que hai que ir a unha cousa moito máis ambiciosa, que por un lado emende esas deficiencias materiais que existen na actualidade no campo e que ademáis melloren as instalacións de tal maneira que sexa unha instalación moderna e que, polo menos se dentro de vinte e cinco anos se devolve á sociedade cedente, cando menos se devolva nunhas situacións mellores nas que está hoxe, non peores.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que vai votar favorablemente, ao terse corrixido o proxecto e contar con informe técnico favorable.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta en relación co preguntado polo voceiro do partido popular, eles son partidarios de que todo o traballo que se poida facer na casa e que poidan facer os técnicos municipais se execute desde a oficina técnica, pero que neste caso atópanse cun proxecto complexo, de certa envergadura e ademáis a facer nun tempo limitado que era o que tiñan por parte da Deputación para presentar o proxecto, polo que se considerou oportuno a realización do proxecto fóra do concello como se fai cando hai que aprobar un POS e se recorre a diversas empresas de enxeñería para facer estes proxectos. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que verbo da seguridade nas instalacións, da visita que fixeron ao campo de fútbol de Perlio observáronse que hai unha serie de deficiencias que lóxicamente hai que mellorar, vencelladas fundamentalmente á accesibilidade dos vestiarios, pois, como se sabe, se accede a través dunhas escaleiras que non están en moi bo estado e que, polo tanto, non cumpren coa accesibilidade para minusválidos e accesibilidade en condicións de seguridade, e do peche da grada que está situada sobre a ladeira do monte e que non ten un peche entre a grada e o campo e hai unha altura considerable; que iso que é o fundamental se solventa con este proxecto, e os demais aspectos de seguridade terán que ir abordándose a medida que se vaian mellorando as instalacións, e que o fundamental do informe sinalado por Secretaría na intervención do partido popular referida á necesidade de licenza autonómica en tanto en canto están a falar dun chan rústico, entenden non sería precisa porque no punto número 4 do informe do enxeñeiro municipal dise efectivamente que o campo de fútbol dos Pinares está situado en solo rústico apto para urbanizar do plan xeral de ordenación municipal do ano 98, e que está incluído dentro do sistema xeral de equipamentos, isto na escala 1:5000, pero tamén se di que no sistema local de equipamentos deportivos está incluído como elemento illado de solo urbano de ordenación e xestión do solo urbano urbanizable na escala 1:1000, e di no parágrafo seguinte que tendo en conta esta contradicción que hai entre dous documentos do plan, a xuízo do enxeñeiro municipal, para esta parcela de instalación deportiva o criterio debería ser ter en conta aquel que se atopa nunha escala de maior definición, polo tanto a escala 1:000 que sería a que debería ter preferencia e que ademáis isto ven avalado pola inclusión do devandito equipamento na memoria do propio PXOUM, é dicir, que baixo o xuízo do técnico municipal, a cualificación do chan debería ser urbano illado en solo rústico apto para urbanizar para chan urbano, polo tanto baixo ese punto de vista, o trámite autonómico non sería preciso e, ademáis, o uso que se lle da a ese campo de fútbol é un uso deportivo, que xa é o mesmo que ten nestes momentos, simplemente o que se van acometer son obras de mellora desa instalación, que non varía nin en dimensións nin en utilidade; que en todo caso non terían ningún problema en iniciar o trámite a partir de agora, pero que o problema é que a Secretaria xa o di no seu informe, que debería ser previo á aprobación do proxecto e realmente despois da aprobación do proxecto non ten ningún sentido ese trámite, pero que en todo caso hai un informe técnico que respalda a súa cualificación como solo urbano, e que está ditaminado a favor coas salvidades que se incorporaron despois no proxecto.

A continuación, de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Seguidamente dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2008, que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 31 de xaneiro de 2008 adoptou, entre outros, o acordo relativo á solicitude de participación na segunda fase do Plan de herba artificial nas campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxa parte dispositiva di:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que se solicita a realización do seguinte investimento no campo de fútbol cuxo uso foi cedido a este Concello por un período de 25 anos pola Sociedade Círculo Cultural, Recreativo e Deportivo de Perlío.

Denominación	Orzamento	Achega municipal	Achega provincial
Instalación de herba Artificial no campo de Fútbol “Os Pinares”	400.000 €	60.000 €	340.000 €

Segundo.- Solicitarlle á Deputación a delegación na contratación e execución da obra incluída no Plan, que se entenderá aceptada no suposto de que efectivamente se produza.

Terceiro.- Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Cuarto.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100% do seu importe.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

Sexto.- Someter a eficacia do acordado nos apartados anteriores á condición da súa ratificación polo Pleno da Corporación.

Sétimo.- Remitir certificación do presente acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña”.

Visto o escrito da Deputación Provincial da Coruña de data 19 de febreiro de 2008 (entrada 21.02.08, núm. rexistro 1847) no que, en relación á solicitude formulada polo Concello, comunica que ao obxecto de proceder á súa aprobación precísase que por este Concello se remita a documentación que no mesmo se especifica.

Visto o escrito da Deputación Provincial da Coruña, xestión de plans, Plans especiais, de data 5 de marzo de 2008 (entrada 07.03.08, núm. rexistro 2413), no que reitera o contido da solicitude do 19 de febreiro de 2008 ao obxecto de completar a documentación e solicita a

remisión da mesma no prazo de dez días a contar desde o seguinte á recepción de dito escrito.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal sobre “Proxecto de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de “Os Pinares” en Fene. A Coruña”, de data 28 de marzo de 2008, no que informa negativamente o proxecto.

Visto que pola Comisión Informativa de desenvolvemento territorial en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 31 de marzo de 2008 acordouse dictaminar favorablemente a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xaneiro de 2008, agás no relativo á denominación da obra e ás contías do seu orzamento e da achega municipal e provincial, quedando do seguinte xeito:

Denominación	Orzamento	Achega municipal	Achega provincial
Proxecto de implantación De céspede artificial no Campo de fútbol de “Os Pinares” en Fene. A Coruña	528.496,72 €	188.496,72 €	340.000 €

así como dictaminar favorablemente a adopción do acordo relativo a que para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Visto que polo técnico redactor do proxecto realizáronse as correccións do mesmo apuntadas polo técnico municipal no informe de data 28 de marzo de 2008.

Visto o informe complementario sobre “Proxecto de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de “os Pinares” en Fene. A Coruña, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos , Don Alfonso Caridad Doel de data marzo de 2008, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 2 de abril de 2008 no que, entre outras cousas, sinala:

*“.....6.- En resume unha vez corrixidas as observacións de carácter técnico do anterior informe de 28 de marzo de 2008, o proxecto **infórmase favorablemente** condicionado ás consideracións sobre titularidade e admisibilidade administrativa de execución do aptdo. 3.5 anterior e as observacións do aptdo. 3.3 sobre garantías complementarias a esixir á unidade de céspede artificial.*

7.- De forma complementaria pero relacionada coas actuacións proxectadas debe reiterarse polo funcionario que subscribe que, segundo resulta da visita xirada as instalacións de vestiarios, gradas, accesos e vestiarios, etc., sobre as que non se actúa, éstas presentan deficiencias que poden afectar á seguridade dos usuarios (deportistas e espectadores) e que polo tanto deberían ser corrixidas para evitar calquera posible responsabilidade que se poida imputar ao Concello.

Non se cumpren tampouco condicións axeitadas de accesibilidade ao campo e vestiarios actuais dende o acceso principal do recinto.

Finalmente sobre este punto manifestar que debe requirirse a presentación dos boletíns de instalacións (en particular da eléctrica de alumeado, forza, etc) ou un certificado de inspección por entidade autorizada para tal función que garantice a idoneidade e adecuación á normativa específica en cada caso...”.

Vista a nota informativa de Secretaría 16/2008, de data 2 de abril de 2008 que, transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

16/2008.

Téndose presentado nesta Secretaría no día da data informe complementario sobre “Proxecto de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de “Os Pinares” en Fene . A Coruña”, do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do día da data así como o proxecto técnico citado e comunicado verbalmente polo Sr. Alcalde a súa intención de tratar o asunto na sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación o día 3 de abril de 2008, por esta Secretaría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais fánse as seguintes observacións:

CUESTIÓN PREVIA

Con carácter previo déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame do expediente, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que as observacións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas e /ou matizadas.

I.-O proxecto técnico da obra figura redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal D. Alfonso Caridad Roel.Como se sinalou pola que subscribe na nota informativa 13/2008, de data 31 de marzo de 2008, non ten constancia esta Secretaría da existencia de contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción de dito proxecto técnico. Aínda no hipotético suposto de que fora posible, neste caso a contratación como contrato menor (extremo éste que non se puido comprobar pola que subscribe, dado que non consta no expediente examinado o importe dos honorarios, sendo preciso ademáis coñecer a existencia e importe, no seu caso, outros posibles traballos similares realizados), requiriríase ter cumpridos os requisitos establecidos pola normativa de contratación administrativa , entre os que ten unha relevancia importante, dado o tipo de contrato (consultoría e asistencia), o informe do servizo interesado na celebración do contrato a que fai referencia o artigo 202 do T.R.L.C.A.P., que xustifícase debidamente a insuficiencia, a falta de adecuación ou a conveniencia de non ampliación dos medios persoais e materiais con que conta o Concello para cubrir as necesidades a satisfacer a través do contrato, ademáis da aprobación do gasto, requisitos éstos que non constan no expediente examinado que se cumpriran. E no caso de que se superase a contía sinalada no artigo 201 para os contratos menores(12.000 €), requiriríase , sempre que se atopara debidamente xustificadas os extremos sinalados no artigo 202 do TRLCAP, a tramitación dun procedemento de contratación con arranxo aos principios de publicidade e libre concorrência. Polo tanto, fórmulase a oportuna advertencia xa que non consta na documentación examinada que se cumpriran os requisitos para proceder á contratación de dito proxecto establecidos pola normativa vixente.

II.- Dado que o proxecto técnico ao que se refire o infome complementario do enxeñeiro municipal ten o mesmo título e data que o informado polo citado técnico en data 28 de marzo de 2008, entende esta Secretaría que, por razóns de seguridade xurídica, e sen prexuízo do que logo se dirá, debe subsanarse o expediente mediante dilixencia do técnico municipal estendida no proxecto acreditativa de que é o documento ao que se refire o seu informe de data 2 de abril de 2008.

III.- En relación ao sinalado polo técnico municipal no apartado 3.5 do seu informe, cómpre sinalar que pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 30 de xaneiro de 2008 adoptóuse acordo cuxa parte dispositiva di:

*“ **Primeiro.-** Acepta-la cesión gratuita do uso que ao Concello fai a Sociedade Círculo Cultural , Recreativo e Deportivo de Perlio dunha porción da parcela de referencia catastral 15036A015005830000YK dunha superficie de 17.929 m descrita no exponendo II do escrito presentado por Dª Mª Pilar Fornos Corral en calidade de presidenta de dita Asociación, transcrito Nos antecedentes do presente e na que se atopa o campo de fútbol e servizos anexos(gradas, bar e servizos) e vestiarios para destina-la ao uso público de campo de fútbol e servizos anexos, coas seguintes condicións:*

1º.- Todos os gastos que se deriven da formalización da cesión serán por conta do Concello de Fene.

2º.- A duración da cesión será de 25 anos a contar desde a sinatura do documento público de cesión.

3º.-Os gastos de mantemento e conservación correrán por conta do Concello de Fene durante o prazo de cesión.

O compromiso de mantemento das instalacións queda supeditado á recepción das mesmas en bo estado para o uso previsto, a cuxos efectos realizaráse acta de recepción á que asistirán o Sr. Alcalde-Presidente, o/a representante da sociedade cedente e un técnico municipal.

4º.- No momento no que o Concello devolva as instalacións ao CCRD de Perlio, farán nas debidas condicións de uso para a correcta práctica do fútbol.

5º.- Será causa de resolución da cesión o mutuo acordo entre as partes así como a deixación das obrigas de mantemento daquelas instalacións que se atopen en perfecto estado de uso no momento de realizarse a recepción das mesmas.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que en nome e representación do Concello formalice en escritura pública a cesión de uso e proceda á inscrición no rexistro da propiedade."

Non consta no expediente examinado (coas cautelas que se derivan de que o mesmo non se atopa numerado nin asinado en todas as súas follas útiles polo funcionario/a encargado/a da súa tramitación, tal e como dispón o artigo 164.2 do R.O.F.) a acta de recepción das instalacións á que se refire a condición sinalada no apartado 4 do punto primeiro do citado acordo.

IV.- Sen prexuízo doutras consideracións que se poidan facer unha vez examinado con máis detemento o informe técnico emitido, cómpre sinalar que, dado que no mesmo se sinala (apdo 4) que o campo de fútbol de " Os Pinares" está situado en S.R.A.U do PXOM/Rev.98 e que, á vista do disposto no artigo 36 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as obras ás que se refire o proxecto non son das autorizables directamente por licenza municipal, polo que, a xuízo da que subscribe, requiren autorización autonómica, considerando que cuando se trata de obras municipais, mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis das licenzas de obras e, por iso a substitúen e a fan innecesaria (STS de 18-4-2000, entre outras), e que segundo o disposto no artigo 196.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, " Non se poderá conceder licenza sen que se acredite o outorgamento da autorización da Comunidade Autónoma cando fose procedente de acordo có disposto nesta lei", debe, a xuízo desta Secretaría, con carácter previo á aprobación do proxecto constar no expediente a correspondente autorización autonómica.

Por outra banda, infórmase que para o funcionamento do campo de fútbol precísase a correspondente licenza de actividade clasificada, polo que entende a que subscribe que debe tramitarse a mesma dacordo có disposto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

Polo exposto, a xuízo da que subscribe, non procede a aprobación do proxecto, debendo con carácter previo á adopción do acordo verbo do mesmo constar no expediente a autorización da Comunidade Autónoma para a execución das obras, debendo tamén tramitarse o correspondente expediente de actividade clasificada.

V.- Por outra banda, á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal no apartado 7 do seu informe, entende esta Secretaría deberían ser corrixidas as deficiencias a que fai referencia o técnico municipal.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa tres (3) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo de que se dispuxo para o seu exame requiren dun exame máis coidado dos informe técnicos,

polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa aplicable.”

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xaneiro de 2008, cuxa parte dispositiva figura transcrita nos antecedentes do presente, agás no relativo á denominación da obra e ás contías do seu orzamento e da achega municipal e provincial, quedando do seguinte xeito:

Denominación	Orzamento	Achega municipal	Achega provincial
Proxecto de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de “Os Pinares” en Fene. A Coruña	528.496,72 €	188.496,72 €	340.000 €

Segundo.- Aprobar o proxecto tecnico da obra “ Proxecto de implantación de céspede artificial no campo de fútbol de “Os Pinares” en fene. A Coruña”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Alfonso Caridad Doel.

Terceiro.- Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.”

De seguido, polo Sr. Alcalde-Presidente sometese a votación ordinaria a Proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2008 anteriormente transcrita, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 3 de abril de 2008, que devén en acordos nos termos anteriormente transcritos.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai dúas cuestións herdadas do pleno anterior, unha relativa ao escrito presentado por varios dos axentes da policía municipal por rexistro, que quedou pendente porque o goberno non o coñecía, xa que foi presentado nesa mesma data, e unha pregunta do voceiro do Partido Popular relativa a cómo afectará á emisora municipal a implantación da radio dixital e qué gastos reportará para o Concello. Di que en canto a esta última cuestión, o que lles transmiten tanto desde o goberno central como da Xunta de Galicia é que así como o panorama de implantación da televisión dixital terrestre está absolutamente claro e definido, no caso da radio non é así, e están a xurdir dificultades técnicas en canto ao sistema no que van a emitir dixitalmente estas radios e diversas dificultades económicas derivadas de que non se atopou un sistema rendible, barato, de receptores de radio que permita que a xente os poida mercar ; que de feito en España téñense outorgado unha serie de licenzas hai uns anos, e que neste momento non se están a explotar practicamente ningunha precisamente por estas dificultades técnicas; que desde a Xunta o que se lles transmite é que tampouco está previsto a curto prazo unha concesión de licenzas de radio dixital en Galicia polo mesmo motivo, polo que non é algo que esté no horizonte a concesión desas licenzas ás que tería que optar radio Fene; di que en relación aos custos e gastos que lle suporía ao Concello unha eventual

concesión de licenza de radio dixital, o único que tería pendente para emitir en dixital ,se chegase ese momento, sería mercar un novo poste emisor que en vez de emitir en analóxico como emite agora, emitise en dixital e que o prezo dun poste analóxico rolda os cinco mil euros; que con todas as cautelas, sería practicamente a única necesidade que tería que cubrir a emisora para poder emitir en dixital.

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que se alegran de que iso sexa así porque desde o mes de maio de 2007 o goberno fixera ese traballo porque daquela precisamente a televisión dixital en Fene tiña unhas deficiencias importantísimas, co cal lles tranquiliza ver que están corrixidas.

O Sr. Alcalde Presidente intervén e di que están case resoltas pero non de todo, e que estase falando da radio, non da televisión, e que si se fala da televisión dixital terrestre tamén anticipa que hai solicitada unha xuntanza có Director Xeral de Comunicación Audiovisual para tratar problemas de cobertura que si hai na zona de Mundín e dos Carballás

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto ao escrito da policía que se comentaba no anterior pleno e que non tiñan no seu poder naquel momento o que impediu respostar sobre él, respostará a unha parte porque entende que hai partes que son da Concellería de persoal e hai outras cuestións que son máis estrictamente da Concellería responsable de Policía e Tráfico. Di que en canto á primeira das cuestións que plantexan no escrito respecto ao tema da desconvocatoria da reunión cre que quedou suficientemente explicada no anterior pleno, agás que se queira aclarar algún punto concreto; que en canto ao primeiro punto referente á prestación de servizos fóra da quenda regulamentaria de traballo, quere comentar que a súa opinión é que si que hai obrigatoriedade de que se fagan en canto que son servizos necesarios para a cidadanía e que as posibilidades de realizalas son tres, ou ben se integran nas quendas que se reforman, ou se realizan fóra da xornada coas gratificacións correspondentes, ou ben realizar un convenio con outro Concello para eventos tipo festival do Filipop, Mércores de Cinza, Fene Rock para que viñesen reforzos de policías doutros Concellos pagándolles os complementos pertinentes; que despois das conversas mantidas no día de antonte coa policía local, cre que neste aspecto, máis que a non dispoñibilidade da policía para realizar eses servizos o tema é a fórmula de remuneración xa que que a que tiñen ata agora é de dúas horas libres por cada hora realizada e ademáis unha remuneración económica de cinco euros; que a policía tenlles manifestado que, debido á situación do servizo, do número de efectivos e do número de baixas, ao final este tempo libre ao que terían dereito non lles é posible disfrutalo dentro do ano; que por parte do goberno non hai problema ningún en que se poidan remunerar eses servizos pero que , a diferenza do que di a policía no seu escrito, desde o goberno si consideran que require unha modificación do convenio colectivo a negociación cos representantes dos traballadores polo que non se pode nen se debe modificar unilateralmente, únicamente a un servizo concreto nun horario concreto; di que en calquera caso, cre que despois da xuntanza este tema queda superado porque, ou ben se pode chegar a un acordo e se gratifican as horas, ou se fai algún convenio con algún Concello do entorno que esté disposto. Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e manifesta que en canto á notificación aos membros das mesas electorais, si que no que foi a execución deste ano pode lamentar ao mellor algún malentendido que se produciu e que eles descoñecían no anterior pleno respecto a información de si a delegada da Xunta Electoral de Zona o ía encargar a unha empresa privada ou o ía realizar directamente con efectivos municipais, pero que a parte dese posible mal entendido que non pode determinar porque coñece versións dispares sobre o mesmo, si considera que unha das funcións que auxiliariamente debe realizar a policía municipal é a de notificación, polo que nos momentos en que hai demanda ou sobrecarga de traballo si está plenamente xustificado que se lle pida á policía que realice as labores de notificación; que en calquera caso é vontade do goberno e o

foi desde o principio, que progresivamente a policía se vaia librando destas actividades máis secundarias, menos propias do corpo e progresivamente se vaian centrando nas funcións estrictamente policiais, sen prexuízo de que nalgunha circunstancia concreta poidan ser requiridos para funcións que en todo caso están contempladas como complementarias das propias dese corpo. Di que en canto ao terceiro punto do escrito relativo á certa limitación que teñen para solicitar e permisos e licenzas, teñen constatado que en certa medida isto é verdade e que ven motivado por unha banda polas baixas médicas e por outra polo cadro de persoal do que es dispón actualmente; que cre que esta cuestión a terán resolta nos vindeiros meses, primeiro a través da resolución da convocatoria da oferta de 2005 da praza de policía, e por outra parte coa resolución favorable da solicitude de subvención para dous auxiliares de policía, complementado coa oferta dun policía a maiores na oferta pública do presente ano. Remata a súa intervención o Sr. Noceda Carballo dicindo que en canto aos medios e material de traballo, lle cede a palabra ao concelleiro delegado dos servizos de tráfico .

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que da reunión que tiveron o outro día coa policía o Alcalde, o concelleiro de persoal e él, respecto da parte que lle corresponde como delegado ten que dicir que das reivindicacións que pedían os policías, hai unha parte que están feitas como o tema do quentador, e que os coches están en vías de solucionarse; que algún material xa estaba pedido antes da reunión e seguramente virá esta semana; que todo o resto de material que teñen pedido está incluído nos orzamentos de 2008 polo que tan pronto se aproben poderá vir todo o material pero que agora mesmo é imposible xa que, como se lles dixo a eles, todo o material que pediron está recollido nos orzamentos deste ano.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que teñen varias preguntas pero que enlazando có tema do que se está a falar teñen un rogo. Di que que por un lado lles agrada ver que con celeridade desde o anterior pleno se fixeron unha serie de cousas que non eran así cando o Sr. Alcalde fixo as entrevistas en Canal 31, e desde logo para nada se lles divisaba todo o que se lles acaba de dicir aquí, e que ten transcripción literal que non vai ler porque está colgada na páxina e a pode ler todo o mundo, e que esa entrevista sería interesante que os veciños de Fene a leran como tamén a noticia que sae na Voz de Galicia sobre o que cobran os policías locais; di que non cren que sexa o máis adecuado polo que rogan que no sucesivo, cando se traten cuestións de persoal, se teña determinado tacto á hora de tratalo na prensa; pero polo que atinxe ao grupo municipal do Partido Popular si que queren rogarlle ao Sr. Alcalde que no sucesivo cando poña na súa boca cuestións que afectan ao Partido Popular, cre que consta na acta do mes de marzo, aínda que non teñen a acta, pero consta en acta claramente cal era a súa postura, que xa lle dicía o outro día ao Partido Popular que si o Partido Popular non quere que haxa policía local pola noite que o diga claramente, si o Partido Popular non quere que o Concello de Fene e o goberno municipal dean os pasos para conseguir esa Policía local pola noite que o diga claramente; que eles claramente xa dixeron naquel pleno que todo o problema xurdiu polo tema de mancomunar as policías locais coa policía local de Neda, extremo que o Partido Socialista tampouco levaba no seu programa, simplemente todos falaban, polo menos eles si falaban de ampliar a policía local e os efectivos da policía local; que ao mellor xorden esas discrepancias porque como hai dúas cabezas visibles, ao mellor nun programa vai e noutro non vai; que no deles si que ía, e ben que se encargaron de dicilo o outro día de que si que ían porque aínda que non sabían que estaba presentado o escrito, extremo que el dubida, pero é unha cuestión persoal, si tiñan a contestación preparada para o Partido Popular, pero volve a repetir que primeiramente hai que falar coa policía local, segundo que hai un determinado servizo que hai que fixar o número de axentes que sexan necesarios, que hai que convocar as prazas e dotalas orzamentariamente; parécelle que máis claros non poden ser, polo que si queren policía, pero tampouco ten por qué ser para mañá, e nese sentido

eles non ían empurrar co tema da policía local pola noite para pasado mañá,; que sabe os pasos que hai que dar e efectivamente parécelle ben e repite que eles o levaron no programa e o seguen mantendo pero hai uns determinados pasos. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención manifestando que no tocante ao tema de reclasificación de grupos xa o dixeron no pleno, que é unha cuestión legal, non é algo no que o pleno poida entrar, é unha lei que fixo o PSOE e o BNG e que a cumbran, e que están dacordo que o tema de retribucións é unha cuestión a tratar na mesa negociación que para iso son o goberno e que a traten; que cre que máis claro non pode ser.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e manifesta que lles gustaría saber por qué motivo o Sr. Salvador Fernández Moreda e o Don Iván Puentes Rivera lles deron plantón a moita xente o día do certame de artes plásticas Isaac Díaz Pardo, posto que se cursou unha invitación para as entidades, asociacións de veciños, grupos municipais e por alí non apareceu ninguén. Di que tamén tiveron coñecemento pola prensa do escrito que presentou Iniciativa Empresarial do Noroeste respecto ás queixas que tiñan de varios promotores e constructores precisamente no tema de licenzas e que queren preguntar aquí, seguindo esa nota de prensa, cáles son os problemas aos que estanse a referir, si se fixo algo para poñerlle solución aos mesmos, si se vai ter con eles algunha reunión e si se vai facer algo porque iso o levaban todos no programa, incluídos eles, a creación dunha xerencia de urbanismo, chamándolle de forma diferente, uns xerencia de urbanismo, outros axente urbanístico, outros oficiña de urbanismo. Di que se ben cre que as licenzas teñen a súa tramitación e deben gardar rigoroso orde e non adiantarse ninguén a nada, tamén cre que unha licenza unifamiliar nun solo urbano que non podería mirarse que non tiveran que esperar a unha licenza dun edificio de vinte ou trinta vivendas, porque están a ver que licenzas de vivendas unifamiliares están entrando nun tempo de tramitación dez meses e quizás sería conveniente tratar ese tema para axilizalo en beneficio de todos. Continúa dicindo que o outro día na reunión da Comisión de desenvolvemento territorial, en resposta a unha pregunta formulada polo Sr. Sánchez Martínez á Concelleira de medio ambiente relativa ao que pasaba nas praias de San valentín, por ésta se lle respostou que era mentira, que non era verdade porque se houbera pasado iso llo houbesen dito e se houbesen tomado as medidas oportunas para poñerlle corrección; di que a eles si que lles chegou algunha notificación por parte dos veciños e procede a dar lectura a un escrito dicindo que: “ao principio e debido ao paseo diario que dou pola mañá e pola tarde pola zona, semellaba bo traballo ata que onte recolleron recolleron todos os aparellos e comentaba con outra persoa que a simple vista quedaba ben pero que pensaban que necesitaba outra pasadiña, sorpresa cando esta mañá dábanlle esa pasadiña pero máis sorpresa aínda cando esa pasadiña incluía un bo furado e o depósito do lixo dentro para a continuación tapalo, e se queren atopar o que a simple vista veu él fagan o furado ao final da praia”; di que isto é unha notificación que lles fai un veciño de San Valentín e que queren preguntar si se fixo un seguimento desa empresa e ,ao mesmo tempo, tamén rogar que, como saíu no periódico cunha fotografía que estíbese atribuíndo a realización desa falcatruada, se existiu, aos obreiros municipais , que leven as culpas quen as teñen que levar pero non as que non a teñen. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que ten unha reivindicación por parte duns veciños dos edificios de Roloma onde vai a galaxia imaxinaria; que nun principio parece ser que iso estaba aprobado e se ía executar, pero que se vai montar agora unha especie de U para os patíns e eles están a reclamar uns columpios. Di que tamén queren preguntar quen cubre a páxina web do PSOE e quen a páxina web de fenecidadán porque son iguais, e que non cren que sexa oportuno e esperan que non sexa así que se estén utilizando a funcionarios municipais para cubrir a páxina web; que outro tema é sobre a mediana das Pías onde se fixo a plantación xa que cre que ao final ía haber un rego por goteo que non se puxo e que véu como se utilizaba herbicida có que quedou bastante tocada polo que queren saber si se vai volver a acondicionar a mesma. Manifesta que volven a repetir, xa que o tiñan preguntado outras veces, sobre o camiño das Chancas xa que hai

queixas; que o informe xeotécnico estaba feito e esa obra debía empezar e é unha obra urxente polo que se está o informe xeotécnico cren que se debe executar xa. Di que tamén queren preguntar polas obras que estanse a realizar no que era a antiga Rivera Seco, na Ram,; que ven que estanse a realizar unha serie de obras e na comisión de urbanismo non viron que se pedira ningunha licenza para iso polo que queren saber se esas obras teñen licenza. Di que queren lembrar tamén o tema da auga de Almieiras porque había un proxecto de urxencia e parece ser que de momento non se fixo nada e advertir tamén á concellería que corresponda que parece ser que os módulos de Perlio, o que eran as antigas escolas dos módulos, están abertos e pode haber problemas se a xente entra. Remata asúa intervención o Sr. Galego Feal dicindo que hai un tema importante que é a adaptación dos parques infantís; que precisamente entra a lei en vigor e hai un regulamento ao que hai que adaptar todos os parques municipais e pregunta se iso se levou adiante e se fixo xa.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que respecto á consideración da policía municipal ,e para que quede zanzada a discusión dunha vez por todas xa que levan tres plenos con iso, efectivamente tanto o grupo municipal do Partido Popular como o grupo municipal do PSOE levaban no seu programa a policía municipal nocturna; que a única diferenza ou discusión que xurdiu no pleno e á que el se refería, era simplemente o seu punto de vista de que era un tema necesario e que teñen que facer o máis rápido posible aproveitando tódolos medios que teñan á súa disposición, legais e factibles, e si se pode facer adiantándose ao tempo antes de esperar a que se teñan todas as prazas cubertas e chegar a finais da lexislatura, si o poden facer antes e aforrando custes o farán, pero nada máis; que a discusión está plantexada nese ámbito e non hai máis volta. Di que sobre a invitación do acto da exposición de Isaac Díaz Pardo á Deputación provincial, esa invitación estaba a nome do presidente da Deputación Sr. Fernández Moreda e ao seu nome como Alcalde de Fene; que é unha exposición itinerante da Deputación provincial da Coruña que recorre varios Concellos da Coruña e entende que o Presidente da Deputación non se despraza a tódolos Concellos para inaugurala; que en todo caso non é responsabilidade súa desculpalo nen moito menos, pero que forma parte da práctica habitual da Deputación que todo este tipo de actividades itinerantes, sexan de presidencia ou de calquera órgano da Deputación, como os saúdas do Concello ou calquera outro tipo de comunicacións, levan o nome do presidente ou do responsable da área, aínda que á hora de organizar eses actos nos diferentes Concellos de Galicia non estean presentes; que por parte do Concello de Fene a invitación vai ao seu nome como Alcalde de Fene pero ese día non se atopaba no termo municipal e delegou a Alcaldía na Primeira Tenente de Alcalde D^a Rita Couto Seijido que si estivo presente no acto en representación do Concello e representando polo tanto a Alcaldía de Fene sendo nese momento ela quen ostentaba ésta. Di que con respecto á praia de San Valentín o escrito tamén lle chegou a eles e que ademáis tivo a oportunidade de falar a través do correo electrónico con esa persoa; que á praia de San Valentín se lle realizaron unha serie de pasadas para eliminar toda a herba, a maleza, e o lixo que tiña despois de tempo sen limpala; que cando a empresa que se contrata para realizar estes traballos di que a praia está rematada, desde o Concello, a petición incluso de varios veciños de San Valentín, se lle esixe que se lle de unha pasada máis para pulir un pouco máis a limpeza da mesma; que todo o material que se quitou nos procesos de limpado anterior, e que da fe porque o supervisaron e o viron, se retirou oportunamente da praia, levouse en camións, e que a única dúbida que lles quedaba ,a raíz da denuncia desta persoa, era o resultado desa última pasada, que son pequenas raíces, material orgánico e biodegradable que había na superficie da praia pero en ningún caso lixo; que segundo di esta persoa, o resultado desa última pasada sería que se meteu nun furado ao final da praia; di que contactaron coa empresa e lles dixo que non ten constancia de que os traballadores que tiñan alí fixeran iso e que se ven ante dúas posibilidades, unha, furar toda a praia para atopar os restos e ver se é verdade se están ou non, ou deixalos, dado que son restos puramente orgánicos; di que estaría encantado de acompañar a esa persoa que denunciou ata o lugar exacto para ver

onde se enterraron esas raíces e eses restos orgánicos, e que si se comproba que é verdade e se é así, lóxicamente se lle pedirá á empresa que o retire; que e está á espera de poder quedar con esta persoa para comprobar se é así.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que sobre o escrito de Iniciativa por Fene, o goberno é consciente e ademais o coñece a citada entidade, porque cre lembrar que no mes de outubro ou novembro tiveron unha reunión con eles e se lles comunicou a visión que hai e a necesidade de axilizar o procedemento de concesión de licenzas, do asunto, pero que están en condicións hoxe de dicir que aínda que segue habendo atraso e que é necesario axilizar a tramitación, hai menos atraso que hai un ano; que niso conseguiron axilizalo; di que tamén é coñecedor Iniciativa por Fene de que o goberno municipal ten previsto implementar unha serie de medidas nos orzamentos de 2008 para ampliar o negociado de urbanismo ao obxecto de facilitar esa axilización; que quere deixar unha cousa clara, que se alguén intenta utilizar algunha entidade para, pola porta de atrás, tratar de conseguir unha licenza á marxe da legalidade ou sen presentar documentación, ahí van manter o rigor. Continúa o Sr. Rodríguez Carballeira dicindo que en canto ás obras de Rivera Seco descoñece o tema e non sabe se é unha obra nova, se pasou pola comisión ou non; que o descoñece neste momento o tema pero que toma nota do asunto ao obxecto de contestar na vindeira reunión.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto ao proxecto de galaxia imaxinaria é un proxecto que está dentro do plan de dinamización turística, que xa está adxudicado por parte da Deputación e que leva zonas de espallamento; que efectivamente hai unha parte que é o mundo ao revés que é unha U de patinaxe que é feita en obra de cemento e que vai soterrada, é dicir, que non vai sobre o chan senón incrustada e simplemente ese feito xa vai reducir moito o eco ou o ruído que poida orixinar; que de calquera maneira, cando se replantexe a obra por parte da Deputación haberá que ter unha xuntanza coa propia empresa constructora e ver nese deseño si se pode desprazar sobre a propia parcela; que o proxecto está aprobado e que o que poden facer é que o proxecto non impacte e que tal e como vai o deseño da U, ao ir incrustada no chan, o ruído que pode producir é simplemente o da rodada; que entende que pode ser molesto pero en ningún caso como o outro tipo de estrutura e que de calquera maneira iso vai estar dentro da normativa para ese tipo de instalacións.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao tema deste parque, quere comentar que na segunda parte do parque que estase a deseñar si están incluídos xogos infantís e que ademais estase en contacto cunha comisión de veciños que xa hai varios meses se puxeron en contacto co Concello, presidentes de comunidades dos bloques máis achegados ao parque, onde comentaron aspectos como este, o tema de accesibilidade ao parque que se foron introducindo no proxecto. Di que en canto ás preguntas sobre a páxina web, como voceiro e como Secretario Xeral do Partido Socialista e responsable da páxina web do Concello que dos contidos da páxina web do Concello se encarga persoal do Concello e dos contidos da páxina web do Partido Socialista se encargan afiliados e membros da executiva do Partido Socialista de Fene; que si é verdade que en non poucas ocasións, a parte das noticias de produción propia utilizan noticias de diferentes medios de comunicación entre eles da propia páxina web do Concello; que en moitos casos se utilizan contidos practicamente literais e que entende que non é unha práctica que esté fóra da legalidade e se mantén; que tamén entendería perfectamente que calquera dos grupos do Concello utilice contidos da páxina web do Concello ou doutros medios de comunicación para as súas publicacións xa que é algo que solen facer todos, ben de noticias completas ou ben de extractos.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. García Balado quen, unha vez concedido, manifesta que sobre a mediana das Pías non quedou todo o lucida como lles gustaría que quedara; di que ten unha garantía de que toda flor que se estrague se volva a repoñer e que si rociaron con herbicida pero que agora teñen que esperar unha temporada, sobre quince días para volver a replantar, e que si ten manguera de rego.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que sobre o camiño das Chancas o proxecto está no PCP de 2007 e foi aprobado o modificado hai quince días en Xunta de Goberno Local; que falta licitalo e facelo o máis axiña posible. Continúa dicindo que con respecto a auga de Almieiras está xa o proxecto que levou o seu tempo facelo e levarase á comisión de desenvolvemento xa informado polos técnicos.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que se lles dixo o outro día, en relación ao local de ensaio de música ,que o Concello estaba elaborando o proxecto e pregunta en qué situación se atopa coa administración superior da que depende. Di que outro tema é o relativo ao centro de día para maiores xa que estíbese a buscar unha ubicación e pregunta se a hai ou qué se pensa facer, se vai ser un local novo de nova creación ou se vai adaptar algún local. Continúa dicindo que parece ser que hai unha subvención para o arquivo municipal de trinta mil euros e pregunta se cando se fala de acondicionar unha sala, se refiren ao arquivo que está na Casa do Concello ou ao local que está en alugamento. Remata a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez preguntando en relación ao tema que saíu das parcelas que están sen uso en Vilar do Colo, cuántas afectan ao Concello de fene e cal é a súa extensión aproximada.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que sobre o tema do local de ensaio tiveron unha reunión á que asistiron as concelleiras Rita Couto e Carmen Silvar xunto con él na Xunta de Galicia hai un mes aproximadamente có Director Xeral de Xuventude sobre este tema, e que simplemente están pendentes de modificar un proxecto que había, que non se adaptaba ás esixencias da Dirección Xeral e , unha vez modificado, remitilo á Xunta para asinar o convenio e equipar os locais necesarios que estarán nos baixos da Casa da Cultura, como se prevía inicialmente. Continúa dicindo que en relación ás parcelas de Vilar do Colo o único que teñen é que saíu publicado no BOE desta semana a urbanización das parcelas Q , que están todas no termo de Cabanas, son as que están entre a estrada xeral e o límite do polígono, que son unhas parcelas que no seu día quedaron sen urbanizar porque había unha serie de problemas, primeiro con Patrimonio porque pasaban preto do camiño Inglés e había unha oposición dos veciños de Cabanas ; que a Fene afectan en dous sentidos, en primeiro lugar porque permite ter máis terreo no polígono, terreo que a día de hoxe está esgotado e tamén porque hai dúas parcelas contempladas inicialmente no polígono industrial, de uso comercial, as dúas únicas que se poden destinar a un fin non exclusivamente empresarial senón comercial, de ocio, e cren que é interesante para o polígono para dinamizalo, para darlle máis vida e traer máis xente para Vilar do Colo e que esas parcelas son as que están situadas máis ou menos diante da estación de servizo de Vilar do Colo; que si teñen soamente unhas parcelas que fan vagadas, que están nunha zona profunda e que están sen urbanizar á espera de urbanizar estas Q que se van urbanizar agora en Cabanas, porque có desmonte e coa terra que se saque para urbanizar esas parcelas Q se reenche o oco que hai nas parcelas comerciais e se pode urbanizar tamén as mesmas, que son dúas, unha de Fene e outra de Cabanas e que o Concello está interesado en que se fagan canto antes.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que , en relación ao Centro de Día , tivo unha reunión có Consorcio de Servizos Sociais e Igualdade para ver a posibilidade de facer un aquí en Fene porque ven que hai

necesidade; que xa se comentou algo na comisión, e hai vontade de facelo; di que sería unha nova construción e aportaría o Consorcio o oitenta por cento do custo da mesma, polo que o Concello tería que aportar o vinte por cento; que hai unha zona de ubicación pero que estase a estudar a posibilidade de facelo alí xa que está como dotacional educativo e habería que cambialo para dotacional de interese social; que esa posibilidade existe e hai que falar cos técnicos municipais e coa Secretaria para empezar a facer os trámites e despois facer a cesión ao Consorcio, quen se encargaría de facer todo o tema da construción.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en relación ao arquivo municipal quere ampliar un pouco a información porque antes de plantexar a reforma que plantexan agora, estiveron estudiando diferentes posibilidades de utilización doutros locais máis amplos do que neste momento está alugado; di que do estudio que realizaron, e dada a necesidade de que o arquivo esté próximo ao Concello para facilitar o traballo de compilación da documentación necesaria para o traballo administrativo, a verdade é que os técnicos non atoparon na zona un local que reunise condicións para utilizalo, tendo en conta ademáis que o sistema que se ía adoptar de armarios amontoables, que teñen un peso considerable fai que determinados baixos non estean preparados para iso e non soporten o peso deste tipo de estruturas; que optóuse por facer un estudio sobre o local alugado fronte ao Concello e que do estudio concluíuse que co sistema de armarios amontoables poderíase gañar entre un corenta e un sesenta por cento do espazo para nova documentación, o que garante un horizonte de cinco ou seis anos sen problemas de almacenamento de información; que lles pareceu unha solución axeitada mentres non se articule unha solución definitiva, que ten que ser nun edificio que reúna as condicións apropiadas; que optouse por realizar ese investimento porque os armarios amontoables son estruturas que se poden reubicar en calquera outro espazo e volvelas a utilizar polo que o groso do investimento non se perde. Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e manifesta que actualmente, e despois da reunión mantida coa Consellería de Cultura, comprometéuse a que se faría o proxecto de adaptación do local en dúas fases, a primeira este ano e a segunda o ano que ven; que nestes momentos xa cumpriron a primeira parte da súa palabra xa que chegou o convenio ao Concello que está pendente de informe para a súa sinatura e mandalo de volta á Consellería para que devolvan un exemplar asinado polo Conselleiro, e a partir de aí e de que se teña confirmado o financiamento, empezar as obras; que en todo caso esperan que antes do mes de novembro esté todo realizado; que requirirá, a parte das obras de instalación destes armarios amontoables, a reforma do sistema de iluminación nunha das dúas salas; que como información adicional tamén o proxecto inclúe o amoblamento da sala pequena que queda do espazo que está alugado como un pequeno despacho de traballo para cando se teña que ir a retirar alí a documentación, así como a dotación dun equipamento profesional antihumidade para garantir a conservación dos documentos que se gardan.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e doce minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.